

CONSTITUCION DE COOP 57 GALICIA

Pontevedra, Abril de 2009

Estimadas/os amigas/os :

Varias entidades da economía social e solidaria galega do ámbito asociativo e cooperativo, temos realizado desde hai meses un traballo de estudo e reflexión sobre a oportunidade de creación dunha nova entidade de financiamento ético e solidario en Galicia, que se ten concretado na conformación dun Grupo Promotor para a constitución dunha cooperativa de servizos financeiros baixo a denominación de Coop57 Galicia.

Coidamos que é o momento de fomentar o aforro solidario e o investimento ético para desenvolver os proxectos de economía social e solidaria baixo os principios de **COHERENCIA**, investindo en proxectos que non contradigan os nosos valores éticos e sociais; **COMPATIBILIDADE**, conxugando o rendimento social e a viabilidade económica; fomentando a **PARTICIPACION** e **IMPLICACION ACTIVA** nesta entidade das persoas e entidades investidoras e aforradoras; garantindo a **TRANSPARENCIA** e información sobre todos os proxectos financiados, así como das características das operacións, promovendo as iniciativas de **PROXIMIDADE**, de tal xeito que os recursos e aforros obtidos no territorio galego se destinen a fomentar o desenvolvemento social, económico e ambiental de ditos proxectos nese ámbito xeográfico baixo criterios de **REFLEXION**, **SOLIDARIEDADE**, **COOPERACION** e **RESPONSABILIDADE SOCIAL**.

Neste altura, as entidades promotoras temos decidido **realizar a Asemblea Constituinte o próximo 30 de Maio en Santiago de Compostela** da que se difundirá o programa de forma oportuna.

Queremos convidarvos a todas as entidades e persoas interesadas a vos sumar a Coop57 Galicia.

Na seguinte páxina, acompañando a esta carta, poderedes atopar información complementaria sobre o proxecto, así como o xeito de participar.

Cordialmente,

O Grupo Promotor da Sección Territorial de Coop57 Galicia

DATOS BÁSICOS SOBRE COOP57 GALICIA

1. COOP 57 Galicia constitúese como Sección Territorial da cooperativa catalá Coop57 constituída en 1987 e con domicilio social en Barcelona. COOP 57 é una cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios, e está sometida á Lei de Cooperativas de Catalunya. Coop57 organizase en rede por seccións de carácter territorial e nesta altura conta con seccións en Catalunya, Aragón, Madrid e Andalucía. Coop57 asocia a un total de 200 organizacións da economía social e solidaria e máis de 600 socias colaboradoras nos catro territorios. Ten realizado máis de 300 operacións cun montante de máis 9 millóns de euros desde 2005, apenas na Sección de Catalunya.
2. Coop57 Galicia rexe a súa actividade baixo os principios cooperativos e da práctica das finanzas éticas e solidarias.
3. Poderán ser socias de servizos de Coop57 Galicia as entidades englobadas no ámbito da economía social e solidaria como, entre outras, cooperativas, asociacións, ONG's, fundacións e movementos sociais con domicilio social e desenvolvemento da súa actividade principal en Galicia. Para a súa constitución, Coop57 Galicia precisa dun mínimo de 15 socias de servizos.
4. Para ser socia de servizos cada entidade solicitante debe facer unha achega obrigatoria mínima ao capital social de 901,52 euros, e 98,48 € de cota de ingreso. A achega ao capital social poderá ser exixida no momento da baixa da Cooperativa, de acordo co estipulado nos estatutos da mesma. A esta achega mínima ao capital social non se lle aplicará xuro algún. Ademais, as socias de servizos poderán realizar achegas voluntarias a un e tres anos que serán remuneradas a un xuro anual acordado na Asemblea Xeral da Cooperativa.
5. Ademais Coop57 Galicia avaliará que a entidade que solicite ser socia de servizos comparta os principios de actuación da Cooperativa e realice a súa actividade de acordo con ditos principios.
6. A socia de servizos de Coop57 Galicia poderá acceder, entre outras prestacións, á oferta de útiles financeiros da mesma composta por préstamos a curto e longo prazo; operacións para favorecer a liquidez / circulante; anticipo de subvencións; endose de facturas; emisión de títulos participativos; préstamos intercooperativos entre as entidades socias da Cooperativa.
7. Coop57 Galicia garante a transparencia e o uso ético e solidario dos recursos e a concesión das operacións financeiras a través da Asemblea onde poden participar todas as socias de servizos e as socias colaboradoras. Ademais os proxectos aprobados e financiados son publicados de forma periódica nun Boletín Informativo da Cooperativa.
8. Os proxectos que se financian son avaliados por unha Comisión Técnica e por unha Comisión Social, formadas por persoas expertas e independentes da xestión da cooperativa, baixo criterios de tipo social e de viabilidade económica. Tamén procuráanse fórmulas a medida das necesidades das entidades socias.
9. Coop57 Galicia tamén poderá contar con persoas que desexen ser socias colaboradoras, achegando os seus aforros polos que recibirán un xuro anual acordado en Asemblea. A achega mínima obrigatoria ao capital destas socias será de 300,51 €. Poden participar na Asemblea e estar representadas no Consello Reitor, e recibir información do destino dos seus aforros.
10. Coop57 Galicia tamén poderá ter como socias colaboradoras a entidades que compartan os principios e valores de Coop57, e nas mesmas condicións que as persoas físicas. Porén, non poderán solicitar os servizos ofertados pola Cooperativa. As socias colaboradoras - persoas físicas e entidades - poderán realizar ademais achegas voluntarias a un e tres anos que serán remuneradas a un xuro anual acordado na Asemblea Xeral da cooperativa.
11. Para obter máis información de Coop57 Galicia, compre contactar coa coordinación desta iniciativa en rcarmelo@sinerxia.org e/ou nos teléfonos 986 896 526 e 986 862 887. A persoa de contacto é Ramón Carmelo Rodríguez. Para unha información xeral de Coop57 e das súas Seccións Territoriais pódese visitar o sitio web www.coop57.coop.

